

EFERVESCIENCIA: NO AIRE A CIENCIA

Manuel Vicente García¹

Rosa Pedrido Castiñeiras²

¹ efervesciencia@crtvg.es, Radio Galega.

² rosa.pedrido@usc.es, Departamento de Química Inorgánica, USC.

Os medios de comunicación social deberían xogar un papel importante na creación de cultura científica na sociedade. Algúns dos “creadores” de *Ciencias para o mundo contemporáneo* teñen declarado que o libro de texto ideal para esta materia son os xornais. Os medios de comunicación escrita presentan de forma casi inmediata os debates científicos e tecnolóxicos sobre temas actuais. Cuestións como a enxeñaría xenética, os novos materiais, as fontes de enerxía, o cambio climático, os recursos naturais, as tecnoloxías da información e da comunicación ou a saúde son obxecto de numerosos artigos e, incluso, de seccións especiais na prensa diaria. Sen embargo a divulgación científica nos medios audiovisuais e sobre todo na radio está moito menos extendida.

Nesta comunicación pretendemos reflexionar sobre que se lle pode pedir, e que non, aos medios de comunicación en canto transmisores de ciencia, con especial atención ao medio radiofónico. Analizaremos os formatos e a presenza de contidos científicos nos medios audiovisuais, con especial atención á radio. Por outro lado, examinaremos como chegan as novas científicas ás redaccións e como é o proceso de elaboración de contidos. Finalmente presentaremos a nosa experiencia en EFERVESCIENCIA, o programa de divulgación científica da Radio Galega (www.efervesciencia.org).